




**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 10 DE XANEIRO DE 2013.-**

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día dez de xaneiro do ano dous mil trece, tivo lugar a sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida **polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas**, **contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:**

- **D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Montserrat Magallanes Álvarez**
- **D<sup>a</sup>. Teresa Vicente Baz**
- **D. Manuel Javier Crespo González**
- **D. Antonio Lomba Baz**

**No asiste o concelleiro Sr. Español Otero.**

**Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.-Alegre.**

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

### **PUNTO 1.- ACORDOS**

---

Dáse conta da relación dos postos fixos do mercado municipal de A Guarda e das taxas correspondentes ó mes de DECEMBRO DE 2012 que ascenden á cantidade de 1.420,96 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar dita relación coas taxas correspondentes e dar traslado á Tesourería para o seu cobro.


Dáse conta das cotas que deben pagar os usuarios do servizo de Axuda a domicilio correspondentes o mes de decembro de 2012 cuido importe total ascende a cantidade de 822,66 €.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar ditas cotas e dar traslado á tesourería.



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



Dase conta do escrito RE 27 de data 3 de xaneiro de 2013, presentado por RESIDENCIA DE HERMANITAS DE ANCIANOS DESAMPARADOS DE TUI, no que agradecen a donación realizada polo Concello a esta entidade.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 48 de data 4 de xaneiro de 2013, presentada por DNA. EVA RIVEIRO RIVEIRO, con enderezo en 2ª Transv. San Roque – Trasloajo, nº 28 da Guarda, e actuando en representación dos veciños asinantes do mesmo, solicitando que se lles facilite a entrada as fincas da súa propiedade sitas no lugar de Mamo e que foi obstruída trala construción do vial A Guarda – Tui.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlles que a dirección das obras do vial comprometeuse a que ao remate das mesmas, ditas fincas contasen con acceso.

Dase conta e se aproba o informe da Traballadora Social do Concello relativo a alta no Servizo de Axuda no Fogar de :

Nome	Horas a partir de 8 de xaneiro de 2013
A.S. da S.	45 h/mensuais

Lese o escrito RE 7.815 de data 18 de decembro de 2012 presentado por Dª. J.M.A., con enderezo na rúa da Oliva, nº 64 da Guarda, solicitando a bonificación do 50% nas taxas de auga, lixo e sumidoiro para o obxecto tributario sito na rúa Olilva, nº 64.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder ao solicitado.


Lese o escrito RE 2.359 de data 23 de abril de 2012, presentado por Dª. C. M. U., con enderezo na rúa Cal, nº 38-1º da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Cal, nº 38-1º.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2012 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2º trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



Lese o escrito RE 6.153 de data 26 de setembro de 2012, presentado por D. J A V R, con enderezo na rúa Circunvalación, nº 126 da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Circunvalación, nº 126.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4º trimestre do ano 2012 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 2.574 de data 4 de maio de 2012, presentado por D. J L R, con enderezo na rúa Transv. Troncoso, nº 5-2ºB da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Transv. Troncoso, nº 5-2ºB.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2012 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2º trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 2.512 de data 2 de maio de 2012, presentado por D. S V P, con enderezo na rúa 3ª Transv. Netos, nº 1A da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa 3ª Transv. Netos, nº 1-bajo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 3º trimestre do ano 2012 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 2º trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 5.041 de data 7 de agosto de 2012, presentado por Dª. Mª D M R M, con enderezo na rúa Tomiño, nº 7-4º Esq. da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Tomiño, nº 7-4º Esq.



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4º trimestre do ano 2012 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 5.142 de data 13 de agosto de 2012, presentado por D. I L M, con enderezo na rúa Bechos, nº 37 da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Bechos, nº 37.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4º trimestre do ano 2012 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 4.548 de data 13 de xullo de 2012, presentado por D. I F P, con enderezo na Praza San Benito, nº 2-2º Esq. da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario Praza de San Benito, nº 2-2º Esq.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4º trimestre do ano 2012 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

Lese o escrito RE 3.655 de data 11 de xuño de 2012, presentado por D. V M P, con enderezo na rúa Canónigo Domínguez Fontenla, nº 2 - Esc. Dta., 1ªA da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Canónigo Domínguez Fontenla, nº 2, Esc. Dta, 1ªA.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4º trimestre do ano 2012 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 3º trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



Lese o escrito RE 3.936 de data 20 de xuño de 2012, presentado por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. A A G, con enderezo na rúa Julia Vaquero, nº 2-1ºB da Guarda, solicitando a bonificación na taxa de auga por familia numerosa para o obxecto tributario rúa Julia Vaquero, nº 2-1ºB.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Traballadora Social do Concello, acorda acceder á bonificación para o 4º trimestre do ano 2012 recordándolle ó solicitante que dita bonificación terá efectos ata o 4º trimestre de 2013 incluído, debendo volver a realiza-la solicitude en caso de que se manteñan as circunstancias que orixinaron a súa concesión.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar as Bases do Desfile-Concurso de Entroido 2013.

Lese o escrito RE 7.744 de data 11 de decembro de 2012, presentado por D<sup>a</sup>. CLARA EUGENIA QUIROGA SALGUEIRO, con enderezo na rúa A Guía, nº 5A - 1ºB de Vigo, solicitando que se lle conceda un posto de 3 metros no mercadillo dos sábados na Guarda para a venda de bisutería.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que neste momento non se dispón de espazo físico vacante, non obstante, no caso de que se dispoña do mesmo, este Concello contactaría con vostede.

Dase conta do escrito RE 7.779 de data 13 de decembro de 2012 presentado por CEIP MANUEL RODRÍGUEZ SINDE, comunicando unha solicitude por parte do clube de fútbol-sala Hotel Glasgow para a utilización do pavillón escolar durante o curso 2012/2013 e que conta coa aprobación do Consello Escolar.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que por parte do Concello non hai ningún inconveniente.


Dase conta do escrito RE 118 de data 9 de xaneiro de 2013, remitido por CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS – SERVIZO DE MOBILIDADE, no que comunican a este Concello o dereito de acceso á documentación que obra no expediente de reestruturación da concesión V-7047; XG-421 VIGO – GONDOMAR – FORNELOS que se iniciou a instancia da empresa concesionaria Viajes Melytour, S.L.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



Dase conta do escrito RE 7.825 de data 18 de decembro de 2012, remitido por CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS – SERVIZO DE MOBILIDADE, no que comunican a este Concello o dereito de acceso á documentación que obra no expediente de reestruturación da concesión V-7008; XG-382 A GUARDA - VIGO – A GUARDA que se iniciou a instancia da empresa concesionaria Automóviles de Tuy, S.A.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 13 de decembro de 2012 comunicando a sentenza ditada o 10 de decembro de 2012 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 264/11 entablado por D. Constantino Lago Bargiela contra a resolución da Alcaldía da Guarda de 16 de maio de 2011 que rechaza as solicitudes de inexecución por imposibilidade material dos decretos da Alcaldía da Guarda de datas 20 de setembro de 2002 e 7 de marzo de 2003, que ordenaban a demolición da vivenda do recurrente.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 13 de decembro de 2012 comunicando o auto ditado o 3 de decembro do 2012 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 100/02 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 100/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D. Roque Rodríguez Alvarez.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 13 de decembro de 2012 comunicando o auto ditado o 3 de decembro do 2012 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 36/08 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 101/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D<sup>a</sup>. Montserrat Rodríguez Domínguez.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 13 de decembro de 2012 comunicando o auto ditado o 3 de decembro do 2012 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 105/02 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 105/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D<sup>a</sup>. Elvira Castro Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 13 de decembro de 2012 comunicando o auto ditado o 3 de decembro do 2012 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 35/08 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 106/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D. Enrique Núñez González.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 13 de decembro de 2012 comunicando o auto ditado o 3 de decembro do 2012 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 100/02 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 100/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D. Roque Rodríguez Álvarez.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda que se leven a cabo, en execución da referida sentenza, os trámites tendentes a resolver o expediente de responsabilidade patrimonial plantexado polo titular da vivenda como paso previo a súa demolición.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 13 de decembro de 2012 comunicando o auto ditado o 3 de decembro do 2012 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 102/02 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 102/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D. Ignacio Álvarez Álvarez.



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda que se leven a cabo, en execución da referida sentenza, os trámites tendentes a resolver o expediente de responsabilidade patrimonial plantexado polo titular da vivenda como paso previo a súa demolición.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 13 de decembro de 2012 comunicando o auto ditado o 3 de decembro do 2012 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 101/02 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 101/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D<sup>a</sup>. Montserrat Rodríguez Domínguez.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda que se leven a cabo, en execución da referida sentenza, os trámites tendentes a resolver o expediente de responsabilidade patrimonial plantexado polo titular da vivenda como paso previo a súa demolición.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 13 de decembro de 2012 comunicando o auto ditado o 3 de decembro do 2012 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 105/02 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 105/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D<sup>a</sup>. Elvira Castro Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda que se leven a cabo, en execución da referida sentenza, os trámites tendentes a resolver o expediente de responsabilidade patrimonial plantexado polo titular da vivenda como paso previo a súa demolición.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 13 de decembro de 2012 comunicando o auto ditado o 3 de decembro do 2012 polo Xulgado do Contencioso-administrativo nº 3 de Pontevedra na peza separada de execución de sentenza nº 106/02 dimanante dos autos do recurso contencioso-administrativo nº 106/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o decreto 258/02 do Alcalde da Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno da Guarda polo que se concedeu licenza de obras para unha vivenda unifamiliar a D. Enrique Núñez González.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e acorda que se leven a cabo, en execución da referida sentenza, os trámites tendentes a





**C O N C E L L O**  
**A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



resolver o expediente de responsabilidade patrimonial plantexado polo titular da vivenda como paso previo a súa demolición.

Dase conta do escrito RE 7.838 de data 18 de decembro de 2012, remitido por XULGADO DE 1ª INSTANCIA E INSTRUCCIÓN Nº 3 DE TUI, notificando a sentenza 110/2012 recaída no xuízo de faltas nº 94/2012.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 7.834 de data 18 de decembro de 2012, remitido pola XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE SANIDADE, achegando a clasificación sanitaria final das zonas de baño na tempada 2012 e censo da tempada 2013.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello de data 9 de xaneiro de 2013, comunicando o decreto dictado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 21 de decembro de 2012 no recurso de apelación nº 4279/12 entrablado por TRIBUGEST GESTIÓN DE TRIBUTOS, S.A. contra a sentenza dictada o 8 de febreiro de 2012 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 104/11 entablado pola citada entidade contra a desestimación presunta da reclamación presentada contra o Concello da Guarda interesando o cumprimento das obrigas de pago de principal por importe de 33.600,71 euros derivados do contrato de prestación de servizos de xestión recaudatoria e catastral. Dito Decreto aproba a tasación de costas á que foi condeada no recurso a Mercantil TRIBUGEST, S.A.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do decreto ditado pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 21 de decembro de 2012 no recurso de apelación nº 4279/12 polo que se aproban as contas procesais do mesmo na suma de 2.543,24€ a pagar por TRIBUGEST, S.A. a favor do Concello da Guarda e acorda:

1. Iniciar o procedemento recaudatorio de dita suma contra a indicada Mercantil, notificándolle ao efecto o acordo que se adopte xunto co decreto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
2. Dar traslado deste acordo e do decreto, así como o acuse de recibo, aos departamentos de intervención e tesoureiría municipais a fin de que procedan á contabilización do crédito e a comprobar se o mesmo se ingresa no prazo voluntario concedido. No caso de que non fora ingresado en período voluntario



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



remitiráselle o expediente a Xestión Tributaria para que incoe expediente tendente ao cobro da débeda en vía de apremio se fora preciso, para o cal deberá solicitarse previamente autorización á Xunta de Galicia por estar dita empresa domiciliada fora do municipio da Guarda.

Dase conta do escrito RE 7.220 de data 14 de novembro de 2012, presentado por D. BASILIO VICENTE SANTIAGO, con enderezo na rúa Galicia, nº 89-2º da Guarda, xunto co que aporta informe e fotografías de final de obra para incorporar ao expediente de legalización e reforma de vivenda unifamiliar sita na rúa Galicia, nº 87 nas plantas baixa, primeira e baixo cuberta, segundo proxecto dos arquitectos José Ignacio Peña Chocarro e Ricardo Garcia Ballesteros. Dase conta tamén do informe do arquitecto técnico municipal de data 19 de decembro de 2012 ao respecto.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Dase conta do escrito RE 5.493 de data 30 de agosto de 2012, presentado por D. EULOGIO P. ABELEIRA CABALEIRO, con enderezo na Avda. de Castela, nº 51-8ºA de Vigo, interesando a suspensión das obras iniciadas e incoar expediente de reposición da legalidade urbanística e sancionador pola realización de obras que carecen e exceden de licenza consistentes en demolición e reconstrucción dunha cuberta dun galpón e demolición, ampliación e reforma de cuberta de vivenda sitos na rúa Coruto Vello, nº 35.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do Asesor Xurídico do Concello de data 13 de decembro de 2012, acorda:

1. Rexeitar a petición formulada polo Sr. Abeleira Cabaleiro mediante escritos de denuncia de datas 25 de xuño de 2008 e 24 de setembro de 2012, por falta de lexitimación activa por exercizo abusivo da acción pública.
2. Non proceder a incoar expediente de ningunha clase de oficio derivado das denuncias formuladas polo Sr. Abeleira respecto das obras de demolición, ampliación e reforma de cuberta da vivenda en base á inexistencia de infracción denunciada polo mesmo tal como resulta do informe de inspección de 4 de decembro de 2012.
3. Por outra banda, dado que dito informe si confirmou que as obras denunciadas consistentes en demolición e reconstrucción de cuberta de galpón non son axustadas á licenza de obras municipal, elo conleva a incoación de expediente de restauración da legalidade urbanística e sancionador contra o denunciado. Tendo en conta que as competencias para sancionar tenas a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, é polo que debe remitirse o expediente ao organismo citado para que tramite o expediente de restauración da



**C O N C E L L O  
A G U A R D A**

(PONTEVEDRA)



legalidade urbanística e sancionador contra o suposto infractor, neste caso a titular da licenza do cabanón, Dna. M<sup>a</sup> del Carmen Saa Perez.

Lese o escrito RE 115 de data 9 de xaneiro de 2013, presentado por DNA. CARMEN VICENTE RODRÍGUEZ, con enderezo na rúa Donantes de Sangue, nº 12 da Guarda, solicitando que se proceda á efectiva reparación da transversal Donantes de Sangue para que deixen de producirse as filtracións que están ocasionando perxuízos na súa vivenda.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que, como vostede ben sabe, xirouse visita por parte do Alcalde e do Concelleiro de Obras e se levaron a cabo dúas actuacións: instalacion de rexilla e colocación de tubo ao sumidorio de pluviais.

Dase conta do escrito RE 7.819 de data 18 de decembro de 2012, presentado por XAN LOIS LOMBA ALONSO - CONCELLEIRO DO BNG DA GUARDA, solicitando que se proceda á limpeza da rúa Tui, sobre todo na parte máis próxima ao CEIP Manuel Rodríguez Sinde. Asimesmo, solicitan que se tomen medidas de seguridade instalando varandas que impidan o acceso aos muros de contención dos edificios da rúa.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que se tomarán as medidas oportunas tanto no que respecta á limpeza como á seguridade.

*Sendo as dez horas do día da data, o Sr. presidente da por rematada a sesión, do que eu como secretaria dou fe.*